

A PRÁCTICA INVESTIGADORA NA AULA


NOVO RODRÍGUEZ, MERCEDES; AL-SOUFI, WAJIH

Grupo de Innovación Docente Xuvenciencia, Universidade de Santiago de Compostela

Na actualidade, co novo currículo educativo, o profesorado de ciencias do ensino medio ten que responder a unha crecente demanda de realización de prácticas e proxectos de investigación como complemento á docencia teórica nas aulas. Así mesmo, outras actividades e programas extracurriculares como os clubs de ciencia, o bacharelato STEM ou a participación en feiras de ciencia, fan necesario dispoñer de recursos materiais e didácticos para levar a cabo proxectos de indagación que perseguen a formación do alumnado na metodoloxía investigadora e a promoción das vocacións científicas, así como o fomento do pensamento crítico e a creatividade (Berland, Schwarz, Krist et al., 2016).

Neste obradoiro presentamos unha proposta práctica sobre a metodoloxía científica para as aulas de secundaria, que se pode empregar tanto para o desenvolvemento curricular do método científico como en forma de práctica investigadora de formación inicial do alumnado para a realización de proxectos de indagación (Chinn e Malhotra, 2002).

Traballáranse as distintas fases dun traballo científico desde a toma de datos e o procesamento e presentación dos mesmos (estatística descritiva, elaboración de gráficos mediante follas de cálculo) ata a discusión dos resultados e a presentación dos mesmos en forma de memoria de proxecto de investigación, artigo científico en revistas especializadas, comunicacións orais/cartel en congresos e outros foros científicos, ou noutros formatos TIC (blogs, aulas virtuais).



Referencias

- Berland, L. K., Schwarz, C. V., Krist, C., Kenyon, L., Lo, A. S. e Reiser, B. J. (2016). Epistemologies in practice: Making scientific practices meaningful for students. *Journal of Research in Science Teaching*, 53(7), 1082-1112. <https://doi.org/10.1002/tea.21257>
- Chinn, C. A. e Malhotra, B. A. (2002). Epistemologically authentic inquiry in schools: A theoretical framework for evaluating inquiry tasks. *Science Education*, 86(2), 175-218. <https://doi.org/10.1002/sce.10001>